





Reclamante: 

Expediente. Nº **RSCTG 13/2018, RSCTG 24/2018 e RSCTG 26/2018.**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia nas reclamacións presentadas ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista as reclamacións presentada por , mediante escritos do 4 de xaneiro (RSCTG 13/208), 19 de febreiro (RSCTG 24/2018) e 6 de marzo de 2018 (RSCTG 26/2018), a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escritos que tiveron entrada o 4 de xaneiro (RSCTG 13/208), 19 de febreiro (RSCTG 24/2018) e 6 de marzo de 2018 (RSCTG 26/2018), no rexistro do Valedor do Pobo, reclamacións ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra as resolucións da Axencia Galega de Infraestruturas do 22 de decembro de 2017 pola que se inadmite o acceso á información solicitada e contra a resolución do 8 de febreiro de 2018, pola que se admite o acceso á información solicitada, ambas en relación cunha información referente á estrada OU-113 no tramo que pasa por Vilar do Barrio.

Mediante dilixencia do 22 de marzo de 2018 e de conformidade co disposto no artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procedeuse pola Presidenta da Comisión da Transparencia á acumulación dos ditos expedientes por gardar íntima conexión entre eles, ao tratarse de peticións de información presentadas polo solicitante ante a Axencia Galega de Infraestruturas en relación á estrada OU-113, no tramo que pasa polo Concello de Vilar de Barrio, e nas que se solicita o seguinte:

- Actas de servizo desde o ano 88 ata o ano 1990 polo que os peóns camiñeiros do servizo de vixilancia de estradas da Axencia Galega de Infraestruturas levaron a cabo algunha actuación de advertencia, de aviso na vía OU-113, punto quilométrico 38,185 do lugar de Vilar de Barrio, en Ourense que corresponde coa parcela 500 do polígono 7.
- Importe dos contratos de mantemento da vía OU-113, de Vilar de Barrio, Laza—Verín nos períodos 2016 2017. Expediente completo, modo de contratación, empresa adxudicataria e demais empresas concorrentes.
- Expediente completo en relación á sinalización vertical e horizontal da OU-1 13, empresa encargada e forma de adxudicación no período 2016/2017, Contratos de mantemento da vía nos períodos 2016-2017.

A resolución da Axencia Galega de Infraestruturas do 22 de decembro de 2017 contra a que se presenta a reclamación, inadmite a solicitude por canto afirma que non existen, en ningún tipo de formato, as actas solicitadas. Pola súa banda, a resolución do 8 de febreiro do mesmo organismo admite o acceso á información solicitada, remitindo as datas de adxudicación dos contratos dos que se solicita información, informando que a sinalización, tanto a horizontal como a vertical se atopa incluída dentro do contrato de mantemento ordinario que se adxudica en cada provincia, e indicando o link ao enderezo electrónico onde se pode atopar a información do expediente (www.contratosdeg Galicia.gal).

Segundo. O 22 de xaneiro de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Axencia Galega de Infraestruturas para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente. Consta a recepción do dito traslado o 31 de xaneiro de 2018.

Terceiro. O 18 de abril de 2018 ten entrada no rexistro do Valedor do Pobo oficio da a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda do 13 de abril, co que se remite informe do director da Axencia Galega de Infraestruturas sobre diversos expediente de solicitude de información dos que o interesado é o reclamante, e informe da Subdirectora de Réxime Xurídico Administrativo do estado do recurso de alzada procedemento sancionador interposto polo citado interesado.

O director da Axencia Galega de Infraestruturas informa que a Axencia respondeu a esta mesma cuestión en tres ocasións diferentes, que deron lugar aos expedientes de información pública de claves AIP 26/2017, AIP 29/2017 e AIP 30/2017, no que comunica ao interesado que non existe en poder da Administración autonómica, en ningún tipo de

formato ou soporte, as actas de servizo solicitadas e que tampouco é posible xeralá ex profeso.

No referente aos contratos de mantemento, dos que solicita información concreta en relación aos procedementos de contratación cuxo obxecto fose o mantemento da estada OU-113 de Vilar de Barrio, Laza-Verín, subscritos durante os anos 2016 e 2017, informa que se resolveu admitir o acceso á información solicitada, dándolle conta dos contratos de mantemento da OU-113 (contrato de "Reforzo de firme na travesía OU-113 e OU-115 en Verín, 011-143 en Monterrei e 011-101 en Maceda", contrato de "Vialidade invernal e conservación ordinaria Ourense") indicándolle ao interesado a forma de acceder á información concernente ao proceso de adxudicación dos ditos contratos na a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

No expediente AIP 3/2018, no que se reitera petición de información sobre diversas cuestións dos contratos de mantemento da OU-113, de Vilar de Barrio, Laza-Verín, anos 2016 e 2017, se admite o acceso á información solicitada, se lle indica que a súa solicitude é substancialmente igual e, polo tanto, reiterativa da tramitada coa clave AIP 2/2018, se lle indica que consulte na Plataforma de Contratos Públicos os datos solicitados, e se lle proporciona información sobre a identificación do responsable dos contratos, dado que esta información non está incluída na referida Plataforma.

No expediente AIP 4/2018, o interesado solicita información sobre diversas cuestións dos contratos de mantemento da OU-113, de Vilar de Barrio, Laza-Verín, anos 2016 e 2017 que a Axencia inadmite por reiterativa.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento da reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que dispón que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, que se tramitarán de acordo co disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 15 de febreiro establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

No presente caso a reclamación foi presentada o 2 de xaneiro de 2018 no Rexistro da Xunta de Galicia, sendo a resolución de 28 de novembro de 2017, con data de saída do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia do 30 de novembro, non constando no informe remitido pola Dirección Xeral a data de recepción polo solicitante, polo que debemos consideralo presentado en prazo.

Quinto.- Análise dos expedientes

A resolución da Axencia Galega de Infraestruturas do 22 de decembro de 2017 que se impugna no expediente RSCTG 13/2018, inadmite o acceso á información solicitada por non existir en poder desa axencia dita información. A documentación que se pide é moi concreta, actas de peóns camiñeiros entre os anos 1988 e 1990, nas que se levaran a cabo algún tipo de advertencia ou aviso sobre a estrada OU-113, punto kilométrico 38.185. A Axencia inadmite a solicitude por non existir dita información, en ningún tipo de formato ou soporte, nin ser posible xeralmente ex profeso. Non se inadmite, como manifesta o interesado na súa reclamación, porque a Axencia considera que a información solicitada é demasiado extensa e é necesario precisar as datas da mesma, senón por que esa información (actas de peóns camiñeiros dos anos 1988-1990 nas que se reflectan irregularidades na vía Ou -113 no termo de Vilar de Barrio) non existe.

De acordo co disposto no artigo 24 da Lei 19/2013, citado no fundamento xurídico terceiro desta resolución, o dereito á información pública regulado na normativa de transparencia, é o dereito ao acceso aos contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, *que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei, e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións*. No presente caso, a información solicitada non existe, polo que non é posible o acceso á mesma. De acordo co anterior, procede a desestimación da reclamación presentada por canto se está a solicitar unha información inexistente, que por tanto non é susceptible de acceso por parte do solicitante.

No referente aos expedientes RSCTG 24/208 e 26/2018, ambos contra a mesma resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas do 8 de febreiro de 2018 (clave AIP 002/2018), a Axencia admite o acceso á información solicitada e remite ao interesado o link da web a través da que o interesado pode obter a información (aínda que o aconsellable é que a Axencia remitira o link directo aos contratos, e non o link xenérico de contratos de Galicia), fronte o que o reclamante manifesta que se sigue omitindo a información requirida, que é incompleta (sen detallar qué documentación solicitou que non figure na plataforma de contratos), e relaciona un expediente sancionador que está tramitando a Axencia e do que é interesado.

Nestes expedientes non cabe senón considerar que a resolución da Axencia Galega de Infraestruturas é conforme coa normativa en materia de transparencia, por canto concede ao solicitante acceso á información sobre os contratos que solicitou, mediante a indicación da ligazón web da Plataforma de Contratos de Galicia onde o solicitante pode acceder a toda a información sobre os mesmos, sen que nas reclamacións presentadas se concrete cal é a información que se omite, polo que procede a desestimación das reclamacións presentadas por [REDACTED] contra a resolución do 8 de febreiro de 2018 recorrida.

Por outra banda, en canto ao procedemento sancionador da Axencia Galega de Infraestruturas 5/2016 ao que fai referencia o reclamante, non cabe pronunciamento desta Comisión sobre o acceso á información dese expediente, que debe rexerse pola normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo en canto ao acceso aos documentos que se integren no mesmo por parte do interesado, tal e como establece a disposición adicional primeira da citada Lei 19/2013.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra as resolucións da Axencia Galega de Infraestruturas do 22 de decembro de 2017 pola que se inadmite o acceso á información solicitada e do 8 de febreiro de 2018, pola que se admite o acceso á información solicitada sobre a estrada OU-113 no termo de Vilar de Barrio.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga